

BLOQUE 1

O SABER FILOSÓFICO E O COÑECEMENTO CIENTÍFICO

1. FILOSOFÍA: SENTIDO, FINALIDADE E HISTORIA. FUNCÍONS E VIXENCIA. .	2
2. RACIONALIDADE TEÓRICA E PRÁCTICA.....	3
3. A FILOSOFÍA E OUTRAS FORMAS DE SABER: CIENCIA E FILOSOFÍA	5
4. O SABER FILOSÓFICO A TRAVÉS DA SÚA HISTORIA.....	7
4.1. A filosofía no mundo grego.....	7
4.2. A filosofía no mundo medieval.....	7
4.3. A filosofía no mundo moderno.	7
4.4. A filosofía no mundo contemporáneo.....	8



1. FILOSOFÍA: SENTIDO, FINALIDADE E HISTORIA. FUNCÍONS E VIXENCIA.

Sentidos e finalidade da filosofía:

“Por filosofía entendéronse principalmente dúas cousas: unha ciencia e un modo de vida. A palabra *filósofo* envolveu en si as dúas significacións distintas do home que vive e se comporta dun xeito peculiar. (...) Xa desde os comezos, na filosofía grega, falouse sempre dunha certa vida teórica e ao mesmo tempo todo foi un saber, unha especulación.”

Marías, Julián: *Historia da Filosofía*.

“A filosofía é a simple idea dunha ciencia posible que non está dada en concreto en ningún lugar (...) Mentres esta meta non fose acadada, non é posible aprender filosofía (...) Só se pode aprender a filosofar, isto é, a exercitar o talento da razón (...)”

Kant, Manuel: *Crítica da razón pura*.

A palabra “filosofía” significa “amor á sabedoría”, este amor foi o que levou ós primeiros filósofos occidentais a intentar saber sobre o mundo e a realidade, e foi espertado, segundo **Aristóteles** polo asombro ante as cousas. A **capacidade de asombrarse** é a que leva a quen filosofa a buscar unha explicación racional que poda ser compartida por outras persoas sen necesidade de recorrer a actos de fe. A historia da filosofía está formada polo pulo constante que proporciona o asombro cara ó coñecemento crítico, racional, universal e radical.

Tanto estudar filosofía como filosofar son cousas que teñen **utilidade** para nós. Mediante o **estudo da filosofía** poderemos coñecer un patrimonio intelectual común a toda a humanidade que fará que nos mergullemos nas grandes preguntas que interesan a todas as persoas. Mediante a aprendizaxe da actividade de **filosofar** poderemos cuestionar con máis facilidade os prexuízos e os costumes establecidos, para poñernos no camiño de elaborar un pensamento racional e crítico que nos axude a situarnos na nosa cultura e tempo así como a construír a nosa forma de vivir. Vemos, pois, que as **funcións** da filosofía son variadas e importantes para ter unha vida máis plena e lúcida.

“Cando alguén pregunta para que serve a filosofía, a resposta debe ser agresiva xa que a pregunta se ten por irónica e mordaz. A filosofía non serve nin a Igrexa nin ó Estado, xa que ten outras preocupacións. Non serve a ningún poder establecido. A filosofía serve para entristecer. Unha filosofía que non entristece ou non importuna a ninguén non é unha filosofía. Serve para detestar a estupidez, fai da estupidez unha cousa vergoñenta. Só ten ese uso: denunciar a baixeza do pensamento baixo todas as súas formas. Existe algunha disciplina, fóra da filosofía, que se propoña a crítica de todas as mistificacións sexa cal sexa o seu orixe e fin? (...) Por moi grandes que sexan, a estupidez e a baixeza serían aínda maiores se non houberse subsistido un pouco de filosofía que, en cada época, lles impide ir todo o lonxe que quixerían, que respectivamente lles prohibe, aínda que só sexa polo que dirán, ser todo o estúpida e baixa que cada un pola súa conta desexaría”.

Deleuze, G.: *Nietzsche a e a filosofía*

Actualmente filosofía segue a facer fronte aos desafíos que lle presenta a realidade. Algunhas das súas funcións - seguramente non todas – no mundo contemporáneo serían as seguintes:




a) Cuestións meta-científicas. O discurso científico – a Ciencia- non é obxecto de estudo da ciencia mesma, senón da **Filosofía**, que entón **se converte en filosofía da ciencia**. Unha función **semellante teñen filosofía da cultura**, do arte, da técnica, etc.

b) Os problemas últimos da humanidade. Se trata de problemas que escapan ás posibilidades da ciencia e que, por tanto, unicamente poden ser examinados, con argumentos e lóxica, pola Filosofía. Por exemplo: **a orixe e finalidade do universo, a transcendencia, o sentido da vida, a liberdade, mente e conciencia, coñecemento e verdade, moral, política ...**, etc.

c) Crítica das ideoloxías e dos dogmatismos, para tratar de liberar o pensamento e, dese modo, ao ser humano mesmo.

d) Interpretación e crítica da Historia. A Filosofía debe responder tamén á **necesidade de comprender o mundo no que vivimos**, para o cal se fai necesaria análise crítica dos supostos nos que descansa a nosa cultura.

e) Os problemas prácticos. Aquí o **discurso versa** non sobre o ser (sobre a realidade, sobre o que é ou existe), senón **sobre o deber ser** (o que debería ser ou existir, sen importar que sexa ou exista de feito). Trátase de atopar os **procedementos e principios** que permitan **fundamentar un discurso** acerca da **vida moral e a política**.



ÁMBITO
METAFÍSICO DA
FILOSOFÍA

2. RACIONALIDADE TEÓRICA E PRÁCTICA

Cada unha destas funcións que vimos no anterior apartado é desempeñada por diferentes disciplinas filosóficas. Existen moitas disciplinas ou áreas da Filosofía. As principais son: a Lóxica, a Historia da filosofía, as disciplinas que se engloban baixo a categoría xeral da Filosofía Teórica (tamén chamadasgnoseolóxicas, ocúpanse do coñecer) e as que forman parte da Filosofía Práctica (ocúpanse do facer) que centran a súa atención na conduta individual ou colectiva do ser humano.

PRINCIPAIS ÁMBITOS E RAMAS DA FILOSOFÍA		
HISTORIA DA FILOSOFÍA		
ÁMBITO FILOSÓFICO	PREGUNTAS FUNDAMENTAIS	DISCIPLINAS FILOSÓFICAS
Teórico	Que podo saber? Que quere dicir “coñecer”?	Teoría do coñecemento ougnoseoloxía Filosofía da ciencia
Práctico	Que teño que facer? Que é a felicidade? Quen ten que mandar?	Ética Filosofía política Filosofía do dereito
Metafísico	Que é a realidade? Ten sentido a vida? Somos libres?	Ontoloxía Metafísica Filosofía da relixión
Antropolóxico	Que é o ser humano? Somos natureza ou cultura? É a mente o cerebro?	Antropoloxía filosófica Filosofía da mente
Lingüístico - Lóxico	Que é o significado? Que relación hai entre as palabras e as cousas? Cando é válida unha argumentación?	Filosofía da linguaxe Lóxica
Estético	Que é a beleza? Que é a arte?	Estética Filosofía da arte

A racionalidade filosófica (xa sexa teórica ou práctica) ten como resultado afirmacións que son fundadas en tanto que quen as mantén é capaz de dar conta delas. Temos, entón, que a filosofía é un saber fundamentalmente reflexivo, por iso créase ó redor de preguntas. As seguintes preguntas son dese tipo. Razona sobre cales delas serían solucionadas por que disciplinas filosóficas:

1. Existe un ser superior que nos creou?
2. Que é a verdade?
3. Que é a realidade?
4. Debemos dicir sempre a verdade?
5. Que debemos facer coas persoas que cometen actos criminais?
6. Por que algo que nunha época é considerado un acto delituoso, noutra época non o é?
7. Ten a nosa vida algún sentido?
8. Para que educamos na escola?
9. En que consiste a beleza?
10. Que é o que distingue ó ser humano do resto dos seres?
11. Debemos obedecer sempre ás persoas que mandan?
12. Por que vivimos en sociedades e non sos?
13. Se imos morrer, ten sentido algo do que facemos?
14. Somos capaces de coñecer a realidade?

3. A FILOSOFÍA E OUTRAS FORMAS DE SABER: CIENCIA E FILOSOFÍA

A Filosofía, igual que a Ciencia, aspira a un coñecemento **racional**, o cal é o mesmo que dicir **universal** (válido para tódolos seres humanos en tanto posuidores de razón), **obxectivo** e polo tanto **xustificable** e sometido ao xuízo de outras razóns. O punto de partida para este coñecemento é a **crítica** dos prexuízos, conviccións e crenzas que nos proporciona o senso común, a tradición ou a nosa contorna intelectual, como resposta aos problemas suscitados pola realidade. Tanto a **filosofía como a ciencia réxense polos principios da lóxica e son críticas** fronte ás afirmacións que non se poden xustificar racionalmente.

A relación entre ciencia e filosofía é de complementariedade: como veremos máis adiante, na **orixe do pensamento occidental non se facía a distinción entre ciencia e filosofía**.


Debemos ter presente que do mesmo xeito que a **filosofía non pode ignorar as contribucións das diversas ciencias**, as ciencias tampouco poden ignorar a actividade crítica da filosofía e os seus achados en cuestión epistemolóxicas (p.e.: filosofía de la ciencia) ou éticas.

Características do saber filosófico (como diferente do saber científico)

1. **É un saber que se ocupa de todo canto hai.** A filosofía é un saber universal, non parcela ou delimita o seu obxecto de coñecemento (como fai a ciencia), nin exclúe das súas investigacións ningún problema.
2. **É un saber radicalmente crítico.** Mentres que o pensamento científico é crítico dun xeito limitado (dado que se apoia nunhas hipóteses fundamentais que non se someten a crítica, por exemplo, da por suposto que existe a realidade) o pensamento filosófico chega ata a raíz (de aí o de “radical”) das cuestións últimas (por exemplo: existe a realidade?), analizándoas en profundidade para logo facer unha síntese.
3. **É un saber fundado argumentativamente.** A filosofía da conta racionalmente, mediante argumentos, do que afirma ou nega, non é un mero dicir por dicir sobre calquera cousa. Aínda que se apoie na ciencia para facer as súas reflexións non pode confirmar ou refutar as súas afirmacións como fai aquela, contrastando empiricamente as súas teorías (utilizando non só a razón, senón tamén os sentidos).

Ademais do **saber filosófico** e do **saber científico**, que como vimos son **saberes racionais**, tamén hai **saberes prerracionais**. Un claro exemplo de este último tipo de explicación é a **explicación mitolóxica**. Un **mito** é unha narración sagrada de acontecementos sucedidos hai moito tempo, no que certos seres sobrenaturais (como deuses ou heroes) realizaron accións memorables que explican o mundo actual. Polo xeral a crenza en mitos vai asociada á maxia (crer que as persoas podemos exercer un poder directo sobre o funcionamento da realidade natural, obrigándoa a obedecer ós nosos desexos) e ós ritos (cerimonias executadas para facer maxia).

En resumo: mentres que os **mitos** ofrecen relatos **transcendentes** (que están máis aló deste mundo) nos que se recorre a deuses e forzas maravillosas e sobrenaturais, a **razón** proporciona explicacións **inmanentes** (pertencentes a este mundo da realidade ordinaria) onde partimos de que a explicación sobre o que sucede está na propia natureza.



O PENSAMENTO MÍTICO	O PENSAMENTO RACIONAL
<ul style="list-style-type: none"> - Baséase en explicacións sobrenaturais que inclúen a deuses e seres imaxinarios - Segue un modelo antropolóxico: personifícase e divinízase a natureza. - A pesares da intención de introducir orde no mundo este segue a ser imprevisible - É unha explicación simplista e pouco racional baseada na imaxinación. - É unha explicación finalista onde os fenómenos naturais actúan de acordo con intencións. - É dogmático e non pode ser contrastado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Baséase en explicacións naturais que parten do que se pode observar. - Rexeita o antropomorfismo e reduce os fenómenos a leis físicas. - Predominio da orde e a necesidade: os fenómenos son previsibles. - É unha explicación lóxica e coherente baseada na razón. - É unha explicación causal que exclúe toda finalidade ou intención da natureza. - É un discurso crítico e contrastable.

ACTIVIDADE

<p>“Actualmente, a cultura non soamente está cortada en pezas soltas, senón tamén dividida en dous bloques. A gran disxunción entre a cultura das humanidades e a cultura científica, iniciada no século XIX e acentuada no século XX, comporta graves consecuencias para ambas. A cultura humanística é unha cultura xenérica que, mediante a filosofía, o ensaio, a novela, alimenta a intelixencia xeral, afronta os grandes interrogantes humanos, estimula a reflexión sobre o saber e favorece a integración xeral dos coñecementos. A cultura científica, de natureza ben diferente, separa os campos do coñecemento; produce admirables descubrimentos, teorías xeniais, pero non unha reflexión sobre o destino humano e sobre o futuro da mesma ciencia. A cultura das humanidades tende a tornarse como un muíño falto de gran dos descubrimentos da ciencia sobre o mundo e sobre a vida, que haberían de alimentar os grandes interrogantes; a ciencia, privada de reflexión sobre os grandes problemas xerais e globais, vólvese incapaz de plantexarse a si mesma e de concibir os problemas sociais e humanos que suscita.”</p> <p style="text-align: right;">MORIN, E.: <i>A cabeza ben posta</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Expón coas túas palabras as ideas principais do texto. 2.- Escribe un comentario persoal sobre a idea que che pareza máis importante. 3.- ¿Que aportan as humanidades, e principalmente a filosofía, á cultura? 4.- ¿Que aporta a ciencia á cultura?
--	---

4. O SABER FILOSÓFICO A TRAVÉS DA SÚA HISTORIA.

No século VI a.C. no mundo grego, houbo unha serie de persoas (os chamados primeiros filósofos o “filósofos presocráticos”) que intentaron deixar de orientar a súa existencia baseándose nos mitos para empezar a baseala na aplicación da razón para obter coñecemento tanto do mundo que os rodeaba como deles mesmos. O resultado desta nova busca explicativa foi o xurdimento da filosofía e da ciencia.

4.1. A filosofía no mundo grego.

As primeiras manifestacións do pensamento filosófico (s. VI a.C.) constituíron fundamentalmente unha **cosmoxía**. Os **filósofos presocráticos** (como Tales de Mileto, Parménides de Elea ou Heráclito de Éfeso) identificaban a realidade coa **natureza (physis)** e a resolver os enigmas sobre ela dedicaron as súas investigacións.

Xa no século V a.C., **Sócrates** e os **sofistas**, seguidos a continuación por **Platón** e **Aristóteles**, deron un xiro ás súas investigacións centrándose no ser humano (**xiro antropolóxico**) tanto no que se refire a súa natureza como á súa forma de comportamento ético e político.

No século III a. C., coincidindo coa desaparición da *polis* como forma de organización política característica dos gregos, a filosofía seguiu centrada no ser humano (**Zenón** e **Epicuro**) pero agora guiada pola busca de consolo e tranquilidade nun mundo novo que supoñía un desafío para a organización da vida privada e pública.

4.2. A filosofía no mundo medieval.

A Idade Media é unha época fundamentalmente **teocéntrica**, xa que a reflexión filosófica xirará ó redor de deus e a súa creación (a totalidade da realidade, polo tanto o mundo e tamén o ser humano). Nesta visión do existente, todo estará orientado e atopará o seu sentido, no cumprimento da vontade divina.

O instrumento que poderá guiar ó ser humano na obtención de coñecemento (teórico e práctico) será a **fe** e non a razón, é por iso que se afirma que nesta época a **filosofía é escrava da teoloxía**. Dentro deste contexto é doado entender que un dos temas que máis lle preocupaba ós filósofos deste momento (**Agostiño de Hipona** ou **Tomé de Aquino**) sexa o das relacións entre fe e razón.

4.3. A filosofía no mundo moderno.

O **Renacemento humanista** é o punto de partida da nova forma de filosofar que atopamos nesta época histórica. No século XV o ser humano volve a ser o centro da reflexión filosófica, producíndose o paso do teocentrismo ó **antropocentrismo**: recupérase a confianza no ser humano e nas súas capacidades.

Outro elemento a ter en conta é o do inicio da utilización do **método experimental** mediante a cal nace a ciencia moderna. A Física inaugura este novo pulo no avance do coñecemento propoñendo un modelo **heliocentrista** do universo (fronte ó xeocentrista da Idade Media). Esta nova visión da realidade terá grandes consecuencias no pensamento do momento, xa que fíxose evidente ó erro no que se vivira durante moitos séculos; debido a

esto será moi frecuente que os pensadores se pregunten pola verdade, a posibilidade de estar equivocados, polas facultades cognitivas que nos permiten coñecer, etc.

Ó investigar sobre como hai que pensar para non caer no erro, a filosofía moderna divídese en dúas grandes correntes nos séculos XVII e XVIII. O **racionalismo (Descartes, Leibniz, Spinoza)** toma como dato incuestionable e punto de partida da construción do saber a **existencia da conciencia, do pensamento** (“Penso, logo existo”, Descartes). O **empirismo (Locke, Hume)** consideran que hai que elaborar o coñecemento a partires dos **datos dos sentidos**, converténdose deste xeito, a **experiencia sensible** en criterio de verdade.

Xa nos últimos anos do século XVIII **Inmanuel Kant** intentou sintetizar estas dúas correntes de pensamento facendo participar ó suxeito humano cognoscente naquelo no que coñece. Deste xeito os humanos non coñeceremos a realidade tal e como é, senón a realidade **tal e como é para nós**.

4.4. A filosofía no mundo contemporáneo.

A fragmentación é o que caracteriza á filosofía dos dous últimos séculos. Podemos citar, entre algunhas das correntes máis importantes do **século XIX**, o **positivismo (Comte)** que propón aterse ós feitos e ás leis que os relacionan, o **materialismo histórico (Marx)** que defende que a historia da humanidade é a historia da loita de clases, loita que rematará co triunfo do proletariado e a instauración do **comunismo**, o **vitalismo (Nietzsche)** que propón que a vida é a única realidade valiosa e, polo tanto, o centro da reflexión filosófica, ou a **fenomenoloxía (Husserl)** que intenta volver ás cousas mesmas e romper o illamento da consciencia que conducira o idealismo (dende Kant a Hegel).

Xa no **século XX** será moi importante a **filosofía analítica (Wittgenstein)** posición dende a que se despreza toda metafísica para investigar sobre a realidade e se pasa a utilizar a análise lóxica para tal quefacer. A **Escola de Francfort (Adorno, Marcuse)** consideraba que a utilización maioritaria da “racionalidade instrumental” para achegarse á realidade nos últimos séculos en Occidente era a causante da maior parte dos males da sociedade. O **existencialismo (Sartre)** sostén que o ser humano primeiro nace (existe) e logo va construíndose, polo que non se pode dicir que ten unha esencia previa. Dentro da filosofía española hai que sinalar o **raciovitalismo (Ortega y Gasset)** que propón centrar a reflexión filosófica en la vida e ás súas implicacións.